



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

NOTA INFORMATIVA FIN DE CURSO

Estimadas familias, o mércores, **día 21 será o último día lectivo** do presente curso escolar. Como xa se lles informou, será unha xornada de Portas Abertas para as familias entre as 11:00 e as 13:30. Ás once abrírase a cancela para poder entrar, a continuación pecharase e volverase a abrir á unha e media para saír. As persoas que queiran entrar ou saír nese intervalo farano pola porta principal. Ás doce e media teremos unha merendiña xuntos para a que poden aportar o que consideren (trairano os nenos/as pola mañá e deixarano onde lle indiquen os profesores/as). Lembrarlles que se alguén quere levar ao fillo/a antes do remate da mañá deberán avisar ao titor/a e asinar o documento habitual na entrada do centro. Decirilles tamén que non todo o alumnado conta co permiso de imaxe polo que non deben facer fotos e vídeos. **A xornada rematará á hora de sempre con servizo de comedor e transporte.**

INFORMACIÓNS:

➤ LIBROS DE TEXTO:

- Solicitudes para a adquisición de libros e material escolar (Primaria):
 - Prazo para a presentación de solicitudes remata o mércores, 21 de xuño
 - Publicación de listaxes provisionais: mércores 28 de xuño
 - Publicación de listaxes definitivas: luns 3 de xullo
 - Entrega de vales e libros: dende o 4 ata o 7 de xullo
- Listaxe dos libros para o vindeiro curso: na páxina web e no colexio
- Alumnado de 4º, que pasa para 5º, utilizarán ordenador no lugar dos libros de texto, deben adquirir un libro de actividades de inglés.

➤ COMEDOR

- Estamos pendentes de que saia a Instrución de Comedores Escolares para o vindeiro curso, comunicaránselle por abalar as informacións relativas ao mesmo.

➤ **NOVO CURSO 2023-2024**, as clases darán comezo o luns, día 11 de setembro.

➤ Calquera **INFORMACIÓN** que xurda **ao longo do verán** será publicada na páxina web do colexio www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigüeiro/ ou a través de abalarmóbil.

SÓ NOS QUEDA AGRADECERLLES A SÚA COLABORACIÓN AO LONGO DO CURSO QUE REMATAMOS E DESEXARLLES UN MOI BO VERÁN!

Un agarimoso saúdo de parte de todo o persoal do centro

Sigüeiro, 19 de xuño de 2023